



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

ACTA COMISIÓN SELECCIONADORA PARA CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL , A XORNADA COMPLETA, MEDIANTE O SISTEMA DE OPOSICIÓN , DUN/HA PEÓN/A, PARA REALIZACIÓN DE TAREFAS DE PROTECCIÓN E MANTEMENTO MEDIOAMBIENTAL, NA MODALIDADE DE CONTRATO DE DURACIÓN DETERMINADA DE INTERESE SOCIAL

Reunidos ás 10:00 horas en data 26/5/2023 na sala de comisións da Casa do Concello de Arzúa os membros da Comisión seleccionadora do proceso para contratación dun peón para realización de tarefas de protección e mantemento medioambiental segundo bases de selección que constan en expediente TEDEC 2023/E001/000001- **APROL RURAL** e tendo en conta *Orde de 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Aprol rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023.(DOG nº 22 de data 1/2/2023)*

Convocados a esta sesión por decreto do alcalde de aprobación de lista definitiva estando presentes :

Presidente : Titular:Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais:

Titular: D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).

Titular: D. Ramón Vereá Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

Titular D. María José Lage Vázquez (AEDL do Concello de Arzúa).



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Secretaria: Titular D^a. Rebeca Vázquez Vázquez (Secretaria do concello de Arzúa)

Polo Presidente declárase constituída a Comisión Seleccionadora, iniciase a sesión para selección conforme as bases que rexen este proceso selectivo que indican o que segue :

Os/as aspirantes que non podan acreditar o coñecemento do galego da forma prevista no apartado anterior deberán de acreditalo mediante a realización dunha proba de galego que terá carácter obrigatorio e eliminatorio (sendo valorada como apto/a ou non apto/a) que terá lugar antes da valoración da proba de oposición práctica. A non aptitude impedirá seguir no proceso selectivo. Dita proba consistirá nunha entrevista en galego respecto da cal o tribunal poderá solicitar asistencia de asesoría con voz e sen voto para a preparación, realización e valoración da proba de galego.

11.- PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN.

A selección das persoas aspirantes efectuarase polo sistema de oposición cunha proba práctica de carácter obrigatorio e eliminatorio , na que haberá que realizar un exercicio práctico consistente na realización dalgunha tarefa relacionada coas funcións do posto de traballo (desbroce, uso e mantemento de maquinaria e ferramenta, medidas de seguridade ..) . A comisión seleccionadora poderá durante a realización da proba práctica de oposición realizar preguntas relacionadas coas funcións (as mesmas para todos os /as aspirantes) para unha mellor valoración das capacidades do aspirante.

A proba terá unha valoración de 0 a 10 puntos debendo acadar unha puntuación mínima de 5 puntos para entender que está superada .

Motivarase a puntuación en :

a) nivel de coñecementos amosados 5 puntos

b) axilidade e destreza na realización da proba 5 puntos .

O día de celebración e hora será publicado no taboleiro de anuncios do concello cando se publique a lista definitiva de admitidos. A puntuación máxima será de 10 puntos, debendo obter como mínimo unha puntuación de 5 puntos.

Unha vez rematada a cualificación dos aspirantes na proba práctica, o tribunal publicará no Taboleiro de Edictos da sede electrónica municipal a relación de aprobados por orde de puntuación



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

e presentará presentará ó Alcalde a proposta do/a candidato/a que obtivese maior puntuación para o seu nomeamento sen que en ningún caso exceda do número de prazas convocadas.

Procedese coa asesoría de Joaquim Vázquez Rodríguez (Normalizador lingüístico do Concello de Melide) a continuación á realización da proba de galego os aspirantes :

José Luis Vázquez Astray
José Luis Rivadulla Valiño

Acorda por unanimidade a Comisión preguntarlles polo lugar onde viven para que falen en galego.

José Luis López Astray dí que é de San Esteban do Campo , parroquia de Arzúa pola que pasa o Camiño de Santiago e ten a festa da Mota , lindando có Concello do Pino. José Luis Rivadulla Valiño sinala que vive en Santa María no Piñeiral onde hai moita gandería decatando que alí está a EFA do Piñeiral . Fala das festass da súa parroquia destacando as do 15 e 16 de agosto e o domingo seguinte as de San Salvador .

Ambos aspirantes amosan na resposta coñecementos de galego acordandose por unanimidade pola Comisión calificalos como APTOS o que lle é comunicado para que se despracen o lugar de realización da proba práctica da oposición .

Desplázanse os membros da Comisión a nave dos servizos e de mantemento do Concello de Arzúa (A Coruña), en Santa María , onde se vai realizar a proba de oposición práctica , a que foron convocados todos/as os /as aspirantes .



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

Sendo as 11:00 horas son chamados os/as aspirantes da lista definitiva presentándose os que seguen :

José Luis Vázquez Astray

Margarita Quintela Baluja

José Luis Rivadulla Valiño

A Comisión por unanimidade ACORDOU realizar esta proba :

ÚNICO.-

Para que amosen nivel de coñecementos 5 puntos poñer nunha mesa EPI con casco,guantes,cinturón (faltando polainas, tapóns oídos e calzado adecuado) para que digan se falta algún elemento necesario para realizar un desbroce con esos elementos . 5 puntos

Para motivar a puntuación de axilidade e destreza 5 PUNTOS acordase poñer un tempo de 5 minutos para colocación fío desbrozadora e arrancado da desbrozadora (faise constar por Secretaría que no lugar hai varias desbrozadoras por si afoxa algúnha na realización da práctica para o encendido) pasado o mesmo penalizarase na puntuación e tamén valorarán a correcta colocación do fío e manexo para encendido da desbrozadora

Este acordo é manifestado os /as aspirantes e explicado polo Presidente antes da realización da proba de oposición práctica .

Prócedese a realización das probas e valoración pola Comisión que por unanimidade ACORDOU:



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

PRIMEIRO .- Puntuar coa seguinte motivación os /as aspirantes :

Nome e apelidos	PUNTUACION VALORACION DE MÉRITOS
José Luis Vázquez Astray	<p>a) Nivel coñecementos :4 (menciona polainas , botas seguridade , gafas a maiores pero non menciona os tapóns de oídos)</p> <p>b) Axilidade destreza : 5 (Nun tempo de 1:54 relaizada a proba de forma correcta)</p> <p>TOTAL : 9 PUNTOS SUPERADA</p>
Margarita Quintela Baluja	<p>a) Nivel coñecementos :5 (menciona que faltan guantes antivibración, gafas , protector oídos e zapatos adecuados)</p> <p>b) Axilidade destreza : 2 (fai a proba mais aló dos 5 minutos , para a colocación do fío dí que non hai gancho para colocar e non o coloca de forma correcta con axilidade e destreza)</p>



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

TOTAL : 7 PUNTOS SUPERADA	
José Luis Rivadulla Valiño (o encendido da máquina faise con outra desbrozadora por estar as outras afogadas o que o aspirante acepta) (a forma de encendido é igual)	a) Nivel coñecementos :2 (mencionada gafas , e di que as botas xa protexen as pernas) b) Axilidade destreza : 1 (non consegue pechar ben a tapa nin colocar ben o fío , a proba realizase en 4:28 minutos un membro da Comisión ten que explicarlle a razón de que non peche a tapa do fío pola mala orientación do fío) TOTAL : 3 PUNTOS NON SUPERADA

SEGUNDO.- Considerando que dos aspirantes valorados superan o proceso selectivo aqueles que acadan 5 puntos, a comisión propón para a súa contratación a José Luis Vázquez Astray e formar lista de reserva con Margarita Quintela Baluja

TERCEIRO.- Publicar no Taboleiro de edictos da sede electrónica municipal este acta con relación de aprobados e presentar o Alcalde a mesma na que se propón a contratación de José Luis López Astray ***9122**, facendo constar que este aspirante para ser contratado deberá aportar previamente a súa contratación no prazo



CONCELLO DE ARZÚA

Rúa de Santiago, 2,
15810 Arzúa
A Coruña
Teléfono:981 50 00 00

de dous días hábiles certificado médico oficial de non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co exercicio das funcións para as que resultou seleccionado.

Polo Presidente sendo as 12:00 horas levántase esta sesión de todo o que como Secretaria dou fe remitíndose a acta para sinatura do visto bo do Presidente e de tódolos asistentes.

En Arzúa asinado dixitalmente na data e hora que figura na marxe por :

Sinatura dixital :

Secretaria: Rebeca Vázquez Vázquez

Presidente: Luis Fole Barrio (arquitecto técnico municipal).

Vogais sinaturas non dixitais :

Titular D^a María José Lage

Titular: D. Ramón Vereá Castelo (encargado dos servizos de mantemento do Concello de Arzúa).

Titular: D. Jesús Rúa Taboada (conductor e operario de servizos varios do Concello de Arzúa).